

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO DA FUNDACIÓN MARCO

1. - OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente prego o subministro de enerxía eléctrica ao edificio da Fundación MARCO sito na rúa Príncipe 54.

2. - RÉXIME XURÍDICO

As partes contratantes quedan sometidas ao establecido na Lei de Contratos Públicos.

- Tramitación: Urxente
- Procedemento: aberto
- Suxeito a regularización harmonizada: non
- Tipo: ordinario
- Criterio de adxudicación: oferta máis económica segundo consumos facilitados.
- Unidade xestora do contrato: Xerencia do MARCO
- Órgano adxudicador: Xerencia do MARCO

O descoñecemento destas disposicións e das cláusulas e anexos deste prego non eximirán ao contratista da obriga do seu cumprimento.

3. - IMPORTE DO CONTRATO E VALOR ESTIMADO

O importe máximo do contrato para as dúas anualidades é de 99.000,00 euros, sen IVE e impostos. O importe definitivo do contrato virá determinado pola aplicación das tarifas contratadas ás potencias contratadas e o consumo eléctrico efectivamente realizado.

4.-. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas que estean baixo o cumprimento do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As empresas que liciten deben figurar na listaxe oficial da Comisión Nacional de Enerxía como empresas comercializadoras de enerxía eléctrica.

5. - PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas poderanse remitir presencialmente no mostrador da entrada do MARCO por correo ordinario, dirixido á Fundación MARCO ou ao correo gerencia@marcovigo.com, ata o día 19 de agosto de 2019 incluído.

6. - CONTIDO DAS PROPOSTAS

As proposicións remitirán declaración xurada declarando a capacidade de contratar coas Administracións públicas e as propostas entregaranse en no mostrador da entrada do MARCO ou por correo postal ou e-mail (nun único documento PDF), co asunto ou título "Subministro eléctrico Fundación MARCO" e coa denominación, sinatura e selo da empresa licitadora e identificando claramente o sobre coa proposta económica.

7. - MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará constituída pola Xerencia do MARCO.

8. - CUALIFICACIÓN PREVIA DOS DOCUMENTOS PRESENTADOS

Se a Mesa de contratación observase defectos materiais na documentación presentada en relación co punto 4 poderá conceder, se o considera conveniente, un prazo non superior a (3) tres días naturais para que o licitador emende os defectos ou complete a documentación, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador que no prazo concedido non emende os defectos correspondentes.

9. – APERTURA E PUBLICACION DAS PROPOSTAS ECONÓMICAS

Unha vez acordada a admisión ou rexeitamento dos licitadores pola Mesa de contratación publicarase as ofertas económicas remitidas e procederase a apertura dos sobres das ofertas recibidas por correo. A apertura das propostas terá lugar en acto público e darase lectura dos sobres e das propostas económicas presentadas polas empresas admitidas.

10.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

O criterio de adxudicación será exclusivamente o prezo ofertado, resultando adxudicatario o licitador que presente a oferta máis económica.

Os licitadores que se presenten, ofertarán un prezo para a totalidade da enerxía para cada período, no que vai incluído o prezo da enerxía de acceso (concepto regulado) e indicando se se inclúe no prezo o Imposto eléctrico e o IVE. Os prezos para a potencia contratada serán os vixentes para as tarifas de acceso a cada período. O prezo do aluguer mensual do equipo de medida máximo será 77.€.

Para a valoración da oferta e da potencia contratada, teranse en conta os consumos realizados reflectidos nas facturas do exercicio anterior, que se achegan a este documento, previéndose redución consumo do 5%. (Anexo I). A potencia contratada pode variar ao longo do contrato.

A potencia contratada por períodos actualmente é P1,P2,P3,P4=186kw, P5=190kw e P6=455Kw.

Tarifa: 6.1A

11. - ADXUDICACIÓN

A resolución da adxudicación será motivada, deberá especificar os motivos polos que se rexeitou unha oferta e as características ou vantaxes da oferta seleccionada, e notificarase aos interesados de conformidade co disposto na lexislación reguladora do procedemento administrativo.

12. - OBRIGAS PREVIAS Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

No prazo máximo de sete días naturais dende o día seguinte á notificación da adxudicación, o licitador que resultase adxudicatario deberá cumprir o modelo de declaración responsable e xustificación do cumprimento das condicións necesarias para contratar.

13. - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento administrativo no prazo de 5 días naturais a contar dende a terminación do prazo de suspensión da adxudicación.

14. - COMEZO E DURACIÓN DO CONTRATO

O subministro obxecto desta contratación dará comezo o día 2 de setembro de 2019, estimadamente, unha vez formalizado o correspondente contrato, e durará un ano, prorrogable dous anos máis de mutuo acordo. A adxudicación do subministro farase polo prazo de un ano, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, que serán anuais. De acordo co artigo 170 da LF 6/2006, de Contratos Públicos, este contrato non poderá ter un prazo de vixencia superior a catro anos, incluídas todas as súas prórrogas, que deberán ter carácter expreso. En ningún caso se entenderá que o contrato foi tacitamente prorrogado se non media expresa notificación da concesión da prórroga por parte da Fundación MARCO. Non obstante, calquera das partes e con polo menos dous meses de antelación ao vencemento do contrato, poderá comunicar á outra parte a súa vontade de non prorrogar o mesmo.

15. - ABONO E REVISIÓN DO PREZO

O abono do subministro eléctrico realizarase mensualmente mediante transferencia bancaria á conta do adxudicatario. Cando se produzan modificacións ou cambios regulatorios que afecten aos compoñentes regulados do prezo, ou novos conceptos que poden ser establecidos pola propia Administración Pública repercutiranse directamente no prezo.

16. - ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO

Os licitadores deberán sinalar un enderezo de correo electrónico no que se realizarán todas as comunicacións entre a Fundación MARCO e os licitadores, e tamén co adxudicatario.

17. - CLÁUSULA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO

(Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal)

Infórmase da existencia do ficheiro automatizado, "Contabilidade e Xestión Económico- Financeira", coa única finalidade da xestión administrativa dos expedientes de contratación. Mediante o envío ou a presentación da documentación solicitada, a empresa interesada dá o seu consentimento para o tratamento autorizado dos seus datos. Ao mesmo tempo informámoslle do dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos. Para exercer estes dereitos deberá dirixir un escrito á Fundación MARCO, rúa Príncipe 54, 36201, Vigo (Pontevedra), tel.: 986113900 (ext. 312) ou no seguinte enderezo de correo electrónico: gerencia@marcovigo.com, manifestando a súa petición ao efecto.

Vigo 2 de agosto de 2019

Martiño Nogueira

Gerente

Fundacion MARCO

986 11 39 00 ext 312

gerencia@marcovigo.com